

PLAN DE CONVIVENCIA



**CPI "DR. LÓPEZ SUÁREZ"
ESCAIRÓN – O SAVIÑO**

- 1. INTRODUCCIÓN**
 - 1.1. Marco legal**

- 2. O NOSO CENTRO: PUNTO DE PARTIDA**
 - 2.1. Contexto**
 - 2.2. Ensinanzas**
 - 2.3. Espazos e instalacións**
 - 2.4. Alumnado**
 - 2.5. Profesorado**

- 3. DETECCIÓN DE NECESIDADES**

- 4. OBXECTIVOS DO PLAN**

- 5. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN CANTO Á CONVIVENCIA ESCOLAR**
 - 5.1. Dereitos**
 - 5.1.1. Familias**
 - 5.1.2. Alumnado**
 - 5.1.3. Profesorado**
 - 5.1.4. Persoal de administración e servizos**
 - 5.2. Deberes**
 - 5.2.1. Familias**
 - 5.2.2. Alumnado**
 - 5.2.3. Profesorado**
 - 5.2.4. Persoal de administración e servizos**

- 6. ACTUACIÓNS E MEDIDAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA**
 - 6.1. Actuacións e medidas preventivas**
 - 6.1.1. Observatorio de Convivencia**
 - 6.1.2. Caixa de convivencia**
 - 6.1.3. Axenda escolar**
 - 6.1.4. Plan de Acción Titorial**
 - 6.1.5. Plan de acollida de alumnado estranxeiro – novo alumno**
 - 6.1.6. Metodoloxía didáctica**
 - 6.2. Actuacións e medidas reeducadoras**
 - 6.2.1. Contratos conduta**
 - 6.2.2. Aula de convivencia**
 - 6.2.3. Mediación escolar**
 - 6.2.4. Programa de habilidades sociais**
 - 6.3. Actuacións e medidas correctoras**
 - 6.3.1. Aplicación das normas de organización e funcionamento do centro**

6.3.2. Protocolo de acoso escolar

- 7. ACTITUDES QUE PRETENDE FAVORECER ESTE PLAN DE CONVIVENCIA**
- 8. MECANISMOS PARA DIFUNDIR O PLAN DE CONVIVENCIA E LOGRAR IMPLICAR OS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA**
- 9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**
 - 9.1. Seguimento**
 - 9.2. Avaliación**
 - 9.3. Revisión**

1. INTRODUCCIÓN

A convivencia é un ámbito esencial e fundamental do funcionamento do centro e require o compromiso e implicación de toda a comunidade educativa. O noso centro, como enclave que é de vida e crecemento persoal constitúe unha fonte natural de conflitos ou, o que é o mesmo, auténticas oportunidades para aprender a vivir xuntos.

O Plan de Convivencia é un instrumento que nos permite concienciar e sensibilizar a todos os sectores da comunidade educativa na tarefa de adquirir as ferramentas necesarias que nos axuden a convivir desde o respecto a cada persoa, desde a diversidade e as diferenzas e os valores establecidos na Constitución.

Non cabe dúbida que a mellora da convivencia no noso centro pasa pola aprendizaxe na resolución pacífica de conflitos, sobre todo, por parte dos alumnos, realidade que o Plan de Convivencia debe abordar a través das múltiples medidas que levan, inevitablemente, á implicación e ao compromiso dos profesores e as familias.

Unha vez concretado o valor de desenvolver o noso Plan de Convivencia, que achegue unha perspectiva global acerca do noso carácter propio; así como proporcionar as claves para deseñar o noso futuro, e construílo a partir do presente, necesitamos un plan que fundamente a súa actuación na aprendizaxe conxunta, a implicación e a responsabilidade individual e colectiva de todos os membros da nosa comunidade educativa.

O Claustro de Profesores, o Equipo Directivo, e o Consello Escolar debe empezar o traballo con ilusión, considerándoo como un elemento de innovación pedagóxica e de reestruturación organizativa. Pensamos que este documento vaise converter nunha valiosa experiencia de aprendizaxe en común para deseñar o noso futuro e construílo a partir do presente. Necesitamos un plan que fundamente a súa actuación na aprendizaxe conxunta. O Plan de Convivencia é responsabilidade individual e colectiva de todos os membros da nosa comunidade educativa. Pensamos que este documento vaise converter nunha valiosa experiencia de aprendizaxe común.

1.1. MARCO LEGAL

Para a elaboración deste plan baseámonos no seguinte marco legislativo:

- LEI 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e da cultura da paz (BOE nº 287, 1 de decembro de 2005).
- LEI ORGÁNICA 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE nº 141, do 4 de maio de 2006).
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG nº 136, do 15 de xullo de 2011)
- DECRETO 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG nº 88, do 8 de maio de 2007)
- INSTRUCCIÓNS sobre a constitución do observatorio da convivencia nos centros educativos e para a elaboración do plan de convivencia (Dirección Xeral de Ordenación e innovación educativa)
- DECRETO 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2009)
- DECRETO 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº , do 9 de xullo de 2007)
- DECRETO 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 136, do 13 de xullo de 2007)

2. O NOSO CENTRO: PUNTO DE PARTIDA

2.1. CONTEXTO

O C.P.I. Doctor López Suárez está ubicado en Escairón (vila de tipo medio duns 1.000 habitantes aproximadamente), capital do Concello de O Saviñao. Está situada no cruce da estrada comarcal C-533 de A Gudiña a Lalín coa local de Ferreira a Currelos.

A súa altura e duns 600 metros sobre o nivel do mar, sendo esta a cota que separa as cuncas hidrográficas do Miño e do Cabe.

No Concello do Saviñao conviven uns 5.300 habitantes distribuídos en 21 parroquias nunha extensión de 200 km. A poboación claramente envellecida e en recesión, experimenta un lixeiro incremento grazas a chegada dos inmigrantes.

O Saviñao pertence á Comarca de Lemos e ten a Monforte e Chantada os centros urbanos máis pretos.

Dende o punto de vista económico, a meirande parte da poboación activa está ocupada nas labores agropecuarias, sendo unha zona potencialmente rica nos aspectos agrícolas e gandeiros. A falta de asesoramento e orientación fai que as novas xeracións emigren en busca de traballos máis lucrativos, deixando terras e pobos abandonados e sen futuro a curto prazo . O segundo lugar de ocupación está para os traballadores da construción e os de conta allea que realizan o seu traballo tanto dentro como fóra do Concello (Monforte e Chantada). O comercio e a hostalaría teñen unha pequena representación radicada fundamentalmente en Escairón e secundariamente en Currelos.

Hai tamén varias empresas vinícolas, leiteiras, cárnicas, talleres de ebanistería, talleres mecánicos etc...

Como a base fundamental dos ingresos familiares son os producidos polas explotacións agrícolas e gandeiras, e dado que estas se atopan nun momento crítico, fai que as economías se resintan nos seus distintos aspectos e con elo os pequenos comercios e industrias tamén sofren esta situación.

Dado que este pobo é o centro dunha extensa comarca agrícola, celébrase as feiras mensuais os días 8 e 19 de cada mes, estando considerada a do día 8 como unha das mellores da provincia pola cantidade de gando vacún , e en menor medida o porcino e o lanar.

Podemos resumir a situación profesional da poboación activa da seguinte forma:

- Pequenos propietarios agrícolas: 35%
- Industrias e comerciantes: 18%
- Empregados, funcionarios e profesións libres: 3%
- Obreiros cualificados: 26%
- Peóns, persoal de servizo non cualificado: 18%

O entorno é rico tanto en recursos naturais como en recursos histórico – artísticos. O patrimonio paisaxístico, histórico e etnográfico é de primeira magnitude o que propicia certas actividades culturais protagonizadas por distintas asociacións culturais e de veciños. O resto do ambiente cultural está marcado polas actividades que desenvolve o centro educativo, a casa da cultura, o Círculo Recreativo, a Fundación Xosé Soto e outras de carácter cultural ou veciñal.

Funcionan no Saviñao a Banda de Música de Currelos, a Banda de Gaitas de Escairón, a Coral Parroquial de Escairón, o equipo de fútbol e diversas actividades organizadas pola AMPA.

O tempo de lecer do que dispoñen os rapaces é diferente no medio rural que na vila. En ambos os dous casos as presenza encamiñanse a ver a televisión e o uso dos xogos informáticos, axudados pola escasa oferta para o tempo de lecer.

2.2. ENSINANZAS

Na actualidade este centro educativo imparte as seguintes ensinanzas:

- Educación infantil
- Educación primaria
- Educación secundaria obrigatoria

2.3. ESPAZOS E INSTALACIÓNS

O centro atópase cerca do centro de Escairón, a escasos metros das dependencias da garda civil. Está formado por un edificio que non é moi antigo e que consta de varios andares:

- Baixo: atopamos as aulas de educación infantil e aula de psicomotricidade.
- Primeiro andar: están as dependencias do equipo directivo, a conserxería, os departamentos didácticos, o departamento de orientación, a sala de profesores a biblioteca e o comedor.

- Segundo andar: aulas destinadas á educación secundaria obrigatoria, aulas específicas (audiovisual, tecnoloxía, ...)
- Terceiro andar: aulas destinadas á educación primaria, dúas aulas para as mestras de pedagogía terapéutica e un aula para audición e linguaxe.

O centro tamén conta cun pavillón de deportes, canchas deportivas cubertas e un amplo espazo descuberto para os momentos de lecer do alumnado

2.4. ALUMNADO

O alumnado procede maioritariamente do Concello de O Saviñao, e en menor medida de Pantón, entornos rurais, no que moitos deles teñen que vir ao centro educativo no transporte escolar. A distribución do alumnado por etapas é a seguinte:

CPI DR. LÓPEZ SUÁREZ	
EDUCACIÓN INFANTIL	42
EDUCACIÓN PRIMARIA	81
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	74
TOTAL	197

O alumnado que se incorpora á educación secundaria obrigatoria proceden case todos do noso propio centro, polo que levan convivindo xuntos a maior parte da súa traxectoria escolar. 4 dos alumnos de 1º da ESO proceden do CEIP de Currelos.

Tamén temos alumnos que se incorporan ao noso centro educativo procedentes do estranxeiro e doutras localidades pretas como Chantada e Monforte.

En canto ás características xerais do alumnado:

- niveis de competencia curricular normais na súa maioría, con caso de desfase curricular.
- En boa parte das familias non existen hábitos de estudo.
- Polo xeral, e salvo excepcións, non existen problemas graves de actitude nas clases.
- O nivel de absentismo escolar é nulo.
- A porcentaxe de abandono do sistema educativo sen rematar a ESO é moi baixa.
- Temos alumnado inmigrante cuxo número varía en función do curso. Algúns presentan dificultades de comprensión dos idiomas galego e castelán. Non presentan problemas de integración entre os seus compañeiros.

2.5. PROFESORADO

O claustro de profesores está formado por un total de 32 profesores, distribuídos en 4 equipos de ciclos en educación infantil e primaria e 12 departamentos en educación secundaria obrigatoria:

- Educación infantil: 4
- Educación primaria: 11
- Educación secundaria obrigatoria: 17

Algúns profesores traballan en diferentes etapas:

- educación infantil e educación primaria: 3
- educación primaria e educación secundaria obrigatoria: 1

3. DETECCIÓN DE NECESIDADES

Para a detección das necesidades existentes no noso centro a nivel de convivencia utilizáronse as seguintes ferramentas:

- Enquisa ás familias
- Enquisa ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria, e a todo o alumnado da ESO
- Enquisa ao profesorado
- Análise das actas de reunións dos claustros, consellos e comisión de coordinación pedagóxica
- Revisión dos partes de amoestación na ESO

Das enquisas recóllense os seguintes resultados:

As familias recoñecen como conflitos máis frecuentes os ocorridos entre profesores e alumnos e entre alumnos, as agresións verbais entre os alumnos e a interrupción das clases. E sinalan como mellor solución a formación do profesorado en resolución de conflitos.

Os profesores coinciden coas familias en sinalar os conflitos máis frecuentes. Como mellor solución, ademais da formación en resolución de conflitos, sinalan consensuar normas e unificar criterios,

O alumnado opinan o mesmo que os profesores e familias en relación aos conflitos máis frecuentes, pero sinalan como mellor solución aos mesmos un estilo docente máis respectuoso.

Da análise das actas das reunións dedúcese que un dos principais problemas é a falta de transmisión de acordos ou conclusións acadadas en diferentes reunións, que non chegan ao resto do profesorado.

Dado o carácter do centro e a diferenza de horario entre a educación primaria e a educación secundaria, prodúcense alteracións da orde no movemento entre as distintas aulas. Tamén desordes nos corredores por falta de puntualidade.

Mal comportamento dos alumnos dentro da aula e do comedor.

E por último, o acceso dos pais ao interior do centro, incluso aos corredores das aulas.

Dos partes de educación secundaria obtemos como conclusión que o maior problema é a interrupción das clases por parte dos alumnos/as (dicindo ou facendo tonterías, contestar mal aos profesores e disputas cos compañeiros), tamén a falla de participación na clase (desinterese, non facer as tarefas), e os problemas que xorden nos recreos.

4. OBXECTIVOS DO PLAN

O conflito é inseparable na vida das persoas e non debe, polo tanto, considerarse simplemente como algo negativo para a convivencia entre os compoñentes da comunidade educativa. Disto débese sacar sempre unha aprendizaxe mantendo unha constante actitude de procura de solucións. Nesta procura é imprescindible non recorrer sempre á utilización da normativa vixente senón atopar a resolución pacífica e dialogada considerando a evolución física e emocional do alumnado.

Tendo en conta a análise de necesidades e o artigo 3 e 4 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, os obxectivos propostos neste plan son:

- Mellorar o clima de convivencia no noso centro educativo.
- Previr os conflitos.
- Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento do plan de convivencia.
- Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que permita o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- Fomentar o respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e a igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- Previr e tratar as situacións de acoso escolar, mantendo unha actitude de tolerancia cero.
- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- Facilitar a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

- Atender á diversidade.

5. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN CANTO Á CONVIVENCIA ESCOLAR

De acordo coa Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, publicada no DOGA número 136, do venres 15 de xullo de 2011, establécense os seguintes dereitos e deberes das familias, do alumnado do profesorado e do persoal de administración e servizos.

5.1. DEREITOS

FAMILIAS:

1. Ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
2. Estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as, polo que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros do equipo educativo.
3. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
4. A ser oídos nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos/as.
5. A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

ALUMNADO:

1. Recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
2. Que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
3. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
4. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

5. A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

PROFESORADO:

1. A ser respectados, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
3. A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
4. A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares
5. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
6. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
7. A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral
3. A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
4. Á protección xurídica adecuada as súas funcións.

5. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

5.2. DEBERES

FAMILIAS:

1. Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo , en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
2. Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
3. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
4. Colaborar co centro docente na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos/as.

ALUMNADO:

1. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros á educación.
2. Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
3. Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
4. Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
5. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
6. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.

7. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
8. Asistir a clase con puntualidade e material preciso.

PROFESORADO:

1. Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Adoptar as medidas oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
3. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
4. Informar ás nais e pais sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillo/as, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.
5. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

1. Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
3. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva

e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

4. Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

5.3.

6. ACTUACIÓNS E MEDIDAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

6.1. ACTUACIÓNS E MEDIDAS PREVENTIVAS

OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA

Finalidade:

A finalidade do Observatorio de Convivencia é analizar e propoñer actuacións de investigación, prevención e intervención en relación coa mellora do clima escolar, así como ser a canle de participación de todos os sectores con responsabilidade no tema da convivencia.

Composición:

- O director, a quen lle corresponde a presidencia
- As xefas de estudo de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria
- De 1 a 4 representantes do profesorado
- O orientador do centro
- Unha persoa representante do alumnado
- Unha persoa da asociación de pais e nais ou unha persoa representante de pais e nais
- A persoa do consello escolar que desempeñe a función de desenvolver os programas e iniciativas de coeducación.
- Unha persoa representante do persoal non docente

Funcións:

- A participación na dinamización do plan de convivencia do centro e na mediación escolar.
- A elaboración dun informe anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas a nivel centro.
- A coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionados coa mellora da convivencia.
- Propoñer a administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.

CAIXA DE CORREOS DA CONVIVENCIA

Colocar no hall da entrada unha caixa de correos da convivencia e un taboleiro de anuncios que sirva de instrumento de recollida de información e canle de comunicación entre os distintos membros da comunidade educativa,

que filtre queixas, suxestións, ..., relacionadas coa convivencia e como termómetro que mida o seu estado. Ditas suxestións poderán ser anónimas ou firmadas, pero garantindo sempre a confidencialidade na exposición pública das suxestións.

Quincenalmente o equipo directivo xunto co departamento de orientación revisarán as notas que aparezan na caixa de correos. Redactarán unha nota na que se recollan as principais demandas e as saídas que se lle buscaron. Esta nota expoñeráse no taboleiro de anuncios. Desestimarase todas aquelas suxestións que resulten ofensivas ou lesivas de calquera dereito das persoas.

AXENDA ESCOLAR

A axenda escolar pretende ser un instrumento de traballo conxunto para o alumnado, as familias e o profesorado, co que tratar de conseguir os seguintes obxectivos:

- Axudar aos alumnos/as a planificar as tarefas escolares e o estudo.
- Servir de instrumento para a comunicación directa e permanente entre as familias e os profesores.
- Axudar ao seguimento continuado da marcha escolar e da avaliación dos alumnos.
- Informar ás familias dos problemas de comportamento dos seus fillos e poder mellorar a convivencia no centro educativo.

O fin último que se pretende acadar co uso da axenda é lograr, coa colaboración de todos, unha mellora do proceso educativo e de convivencia do alumnado do centro. É necesario para que a utilización da axenda sexa eficaz, que todos nos comprometamos a:

O profesorado:

- Promover e controlar a utilización da axenda polos alumnos para que anoten as tarefas, datas de exames, recuperacións de materias pendentes, entrega de traballos, etc., correspondentes ás súas materias.
- Anotar, cando sexa relevante, comunicacións e mensaxes ás familias acerca da marcha escolar dos alumnos e da non realización das tarefas escolares encomendadas.

- Anotar calquera problema de comportamento que mostre o alumno na aula.
- O titor/a realizará un seguimento periódico do uso correcto da axenda, promovendo que os rapaces anoten as súas tarefas, as datas de exames e entrega de traballos, acordos de convivencia tomadas nas sesións de titoría, ...

As familias:

- Coñecer o seu contido e a súa utilidade.
- Revisándoa periodicamente o uso que os seus fillos fan dela.
- Léndoa e contestando as posibles comunicacións que os profesores realicen.

O alumnado:

- Teñen que traela todos os días a clase e levala para a casa ao final da xornada escolar.
- Anotar diariamente nela todo o que os profesores indiquen, así como aquelas cuestións que crean conveniente para a planificación das súas tarefas e estudo.
- Teñen que ensinala periodicamente aos seus pais e, en especial, cando os profesores fixeron algunha notificación de comunicación para eles.
- Teñen que mantela actualizada entregándolla aos profesores e aos pais cando así llo solicitan.

A axenda escolar non debe considerarse como unha ferramenta exclusiva do alumno. Unha das súas principais finalidades é actuar como nexos de unión entre os tres protagonistas do proceso educativo: o alumnado, as familias e os docentes.

Por unha parte a axenda é un instrumento para que os pais estén ao día da evolución académica dos seus fillos e poidan exercer o control necesario para que cumpran as tarefas diarias dun modo eficaz. As familias deben prestarlle a importancia que require. É preciso que a revisen e axuden aos seus fillos a xestionala adecuadamente.

A axenda debe servir tamén como ferramenta de comunicación entre as familias e os docentes. Os pais poden utilizala para solicitar titorías ou para

anotar problemas ou cuestións relevantes durante o proceso académico dos seus fillos.

Nun sentido inverso, os profesores poden facer uso dela para comunicar ás familias incidencias ocorridas na aula e que tomen as medidas axeitadas, ou aspectos positivos para motivar e estimular ao estudante.

En canto ao alumnado, a axenda e unha ferramenta moi eficaz para xestionar e organizar as tarefas escolares e o estudo. Esta ferramenta serve para que o alumno anote cada día as tarefas asignadas polo profesor/a e outros datos de interese como as datas de entrega de traballos ou de exames previstos. O seu uso periódico axuda ao estudante a adquirir hábitos de organización e planificar o seu traballo diario.

Para que a axenda poida cumprir esa función de modo eficaz, é necesario que o estudante aplique unha pautas específicas no seu uso e debe de conter información específica e concreta:

- Cando manden exercicios, hai que anotar a páxina, número e tema ao que se corresponde.
- Se hai que realizar un traballo débese de matizar a data de entrega, a temática e os referentes que especificou o profesor/a.

En canto á axenda como ferramenta de xestión e planificación do tempo, unha vez anotada toda a información de tarefas a realizar, traballos a entregar, datas de exames, é aconsellable que organice o seu traballo diario en torno a esa co referente do calendario semanal de materias

- O alumno pode priorizar as tarefas e determinar cales debe realizar antes. Para xestionala axudaría marcar as actividades finalizadas a medida que se completan
- É fundamental que determine o tempo que necesita para realizar cada unha das tarefas.
- Cando ten que preparar un exame pode matizar cada paso que cumpre durante a súa preparación (esquema, repaso, ...)
- Tamén é preciso atender ás actividades extraescolares que forman parte da axenda do estudante. É conveniente especificar cada día as actividades deste tipo e estruturar o tempo de estudo en función destas.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial é un instrumento básico para desenvolver a convivencia a través dela. Cobra unha vital importancia a labor que se debe de levar a cabo desde a titoría. Os titores/as poden propoñer dinámicas de consolidación do grupo – clase, desenvolvendo actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais, de formas de recoñecerse a si mesmo coas opinións, emocións e comportamentos, ..., achegando información ao resto do profesorado e ás familias.

Incidirase sobre todo nos seguintes aspectos:

- Seguimento individual e grupal do alumnado
- Coordinación do conxunto do profesorado de cada grupo
- Colaboración periódica coas familias

Para a mellora da convivencia no noso centro educativo traballarase os seguintes aspectos dentro da acción titorial:

A NIVEL GRUPAL:

1. ADAPTACIÓN E INTEGRACIÓN NO GRUPO

a. Acollida e presentación

- Favorecer o coñecemento e o inicio da relación titor – alumno que facilite un clima de confianza e axuda que debe impregnar a acción titorial
- Que os alumnos de nova incorporación ao centro coñezan o espazo físico no que se vai a desenvolver a súa actividade académica
- Presentar as normas básicas e fundamentais da convivencia no centro, así como o funcionamento do mesmo.

b. Cohesión e integración no grupo

- Potenciar habilidades comunicativas
- Facilitar a reflexión persoal e a cohesión grupal
- Fomentar o traballo cooperativo
- Asumir reparto de responsabilidades
- Asignar funcionalidade a diversos espazos da aula (taboleiro de anuncios, punto de información, ...)

c. Elección de delegados

- Coñecer as funcións do delegado do grupo
- Reflexionar acerca da importancia da representatividade dun grupo
- Escoller aos representantes do grupo de maneira seria e responsable
- Educar na convivencia democrática e participativa

2. REGULACIÓN DA CONVIVENCIA

a. Dereitos e deberes. Normas de convivencia

- Coñecer cales son os dereitos e os deberes dos alumnos e das normas de convivencia do centro
- Coñecer o plan de convivencia
- Debate e discusión das normas de convivencia nas titorías (1ª quincena de outubro)
- **Elaboración consensuada entre o titor/a e o grupo, en cada aula, das normas que van a regular a marcha da clase baseadas nas normas xerais de convivencia do centro e publicación das mesmas no taboleiro da aula**
- Comunicación aos pais de ditas normas

b. Prevención do maltrato entre iguais

- Clarificar a idea de maltrato que ten o alumnado
- Fomentar actitudes claras contra este tipo de situacións
- Reflexionar sobre as propias condutas e as que atopamos no noso contorno respecto a este tema. Analizar os conceptos e opinións acerca do abuso entre compañeiros.
- Comprender os sentimentos que produce vivir nunha situación de maltrato e concienciar ao alumnado do dano nestas situacións
- Analizar situacións e fomentar actitudes claras contra este tipo de accións.
- Sensibilizar ante calquera tipo de violencia

c. Resolución de conflitos

- Coñecer métodos eficaces para tratar distintos problemas que xurdan no grupo e no centro.
- Intercambiar puntos de vista e opinións
- Reflexionar sobre o grao de cumprimento e necesidade das normas de convivencia
- Adoptar acordos dentro do grupo para a mellora da convivencia

3. DESENROLO PERSOAL

a. Habilidades sociais

- Recoñecer a importancia de vivir con outros e de adquirir habilidades sociais para mellorar as nosas relacións.
- Distinguir as diferentes habilidades sociais
- Ter unha perspectiva da clase como grupo, así como da responsabilidade que temos no seu bo funcionamento.
- Tomar conciencia dos sentimentos e necesidades dos demais
- Adquirir competencias que posibiliten relacións sociais satisfactorias

b. Autoestima

- Adquirir unha imaxe positiva de si mesmo, aceptando as propias posibilidades e o dereito á peculiaridade.
- Conseguir o recoñecemento de logros e de ser parte integrante nun grupo que o aprecia e o respecta.
- Valorar a necesidade de coidar de si mesmo e poñer límites na súa vida.

c. Sentido crítico

- Adquirir criterios que orienten á produción de argumentos xustos e solidarios ante determinadas situacións.
- Analizar os mecanismos e os valores que rexen o funcionamento das sociedades, especialmente os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns.

A NIVEL INDIVIDUAL:

1. Entrevista individualizada co alumnado:

- a. Alumnado con sospeita de sufrir maltrato e acoso escolar
- b. Afectado de problemas de comportamento
- c. Afectado de problemas de integración no grupo
- d. Afectado de problemas de organización do estudo
- e. Afectado de problemas de motivación
- f. Con alumnos que soliciten entrevistas co titor

2. Entrevista individualizada co delegado do grupo para valorar a marcha do grupo en convivencia.

PLAN DE ACOLLIDA ALUMNADO ESTRANXEIRO – NOVO ALUMNADO

Debido á chegada de alumnado procedente do estranxeiro e de novos alumnos neste curso escolar e en cursos anteriores, considérase necesario a elaboración dun protocolo de acollida para este alumnado.

O obxectivo primordial deste protocolo é evitar que a incorporación dos alumnos estranxeiros se converta nunha simple rutina administrativa afastada das peculiaridades e das necesidades do propio alumnado.

O obxectivo último é integrar ao alumno/a non só na aula, senón na dinámica escolar e na realidade propia deste centro educativo. Neste protocolo debe implicarse toda a comunidade educativa, e non só ós/ás profesores/as que vaian a ser titores/as deste alumnado.

Tamén se pretende aclarar cáles son as funcións propias de cada un dos membros da Comunidade Educativa, e facilitar, deste xeito, o proceso de incorporación e adaptación do alumnado.

Os diferentes pasos a seguir na incorporación e atención se dividen en catro bloques:

- Acollida do alumno
- Avaliación
- Medidas de actuación
- Seguimento

Divídese os diferentes procesos en catro bloques para facilitar a súa elaboración e comprensión, pero tendo en conta que todos os bloques forman parte dun só proceso.

BLOQUE 1: ACOLLIDA DO/A ALUMNO/A

Este bloque recolle todas as actividades a realizar dende que chega o/a alumno/a ao centro educativo ata a súa incorporación a unha aula. Estas actividades son:

1. Información aos pais sobre as características do centro educativo e matriculación do alumno/a no centro escolar
2. Información por parte da xefatura de estudos ao Departamento de Orientación
3. Reunión da Xefe de Estudos co/a titor/a do curso implicado para a toma de decisión sobre cá é o grupo máis axeitado (no caso de existir máis dun grupo por curso), e informar ao profesor titor dese curso
4. Información do profesor/titor ó equipo educativo do alumno
5. Actividades de titoría: xogos de presentación, etc...

1.- Matriculación do/a alumno/a no centro escolar: Os pais ou titores legais do rapaz chegan ao centro e matriculan ao seu fillo en Secretaría. Matricularase ao alumno nun curso ou outro segundo a súa idade (en caso de dúbida, consultar ao departamento de orientación). O feito de matricularse nun determinado curso non significa que posteriormente non se poida cambiar de curso, tendo en conta as súas necesidades e capacidades, e o ditame de escolarización emitido polo Departamento de Orientación, e sempre co permiso de Inspección Educativa.

A secretaria recollerá a información pertinente para a elaboración da matrícula e informará ao Equipo Directivo da chegada e matriculación dun

alumno/a procedente do estranxeiro. Ademais da información propia da matrícula, tamén se recollerá información específica sobre este alumno (datos como país de procedencia, nome do centro educativo anterior e a súa localidade, materias cursadas e as súas notas, se repetiu algún curso, ...). Toda esta información se recollerá nun modelo específico elaborado polo departamento de orientación.

2.- Información aos pais sobre as características do centro educativo:

Unha vez matriculado, os pais ou titores legais manterán unha entrevista co director do centro ou coa Xefatura de Estudos, onde se lles explicará as características propias deste centro, o horario lectivo, as súas normas de organización e funcionamento, ... Tamén se lles resolverá calquera dúbida que poidan ter os pais con respecto a incorporación do seu fillo a este centro educativo.

3.- Información por parte da xefatura de estudos ao Departamento de Orientación:

Unha vez rematada a reunión anterior a Xefe de estudos informará ao Departamento de Orientación da incorporación deste alumno (copia da folla de recollida de datos, e curso onde se matriculou).

4.- Reunión da Xefe de Estudos cos titores do curso implicado para a toma de decisión sobre cal é o grupo máis axeitado, e informar ao titor dese curso:

no caso de existir máis dun grupo no curso onde se matricula o alumno, a Xefe de Estudos convocará unha reunión xunto co orientador e con todos os profesores titores do curso onde está matriculado o neno para saber cal é o grupo máis axeitado (características do grupo, comportamento xeral, alumnos con necesidades educativas especiais da aula, número de alumnos, optativa do grupo, etc ...). Unha vez decidido por consenso cal é o grupo aula máis axeitado, o profesor titor de dito grupo darase por informado.

5.- Información do profesor/titor ao equipo educativo do alumno:

O profesor titor informará o equipo educativo do grupo implicado da incorporación deste novo alumno.

6.- Actividades de tutoría: xogos de presentación, etc...:

O Departamento de Orientación elaborará unha carpeta onde se recollerá material específico de tutorías relacionadas con actividades de presentación, integración, cohesión grupal, coñecemento doutras culturas e costumes, etc. Esta carpeta será entregada e explicada o profesor titor para que se leven a cabo nas horas de tutorías cos alumnos. O Departamento de Orientación resolverá calquera tipo de dúbida que poida xurdir sobre a súa aplicación ó grupo.

BLOQUE II: AVALIACIÓN

Neste bloque recóllese todas as actividades a desenvolver para a recollida de datos necesarios para determinar as necesidades educativas especiais que poida amosar o alumno e a posterior toma de decisións sobre cuestións pedagóxicas que sexan precisas. Ditas actividades son:

1. Análise do nivel de competencia curricular do alumno por parte de cada profesor dentro da súa área.
2. Avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación (coñecemento do idioma, estilo de aprendizaxe, habilidades para a aprendizaxe, , etc...)
3. Reunión do Departamento de Orientación co equipo educativo do alumno para analizar o nivel de competencia curricular e o informe psicopedagóxico.
4. Elaboración do ditame de escolarización

1.- Análise do nivel de competencia curricular do alumno por parte de cada profesor dentro da súa área: O Departamento de Orientación, coa colaboración dos Departamentos Didácticos, elaborará un documento sobre o nivel de competencia curricular de cada unha das materias que está cursando o neno. Unha vez elaborado, este documento será entregado aos profesores de área deste grupo para que o vaian cumprimentando. Ante calquera dúbida ou problemática que poidan xurdir, o Departamento de Orientación asesorará a aqueles profesores que o necesiten.

Obter o nivel de competencia curricular é un paso fundamental para saber que medidas hai que tomar posteriormente. Calquera aprendizaxe parte dos coñecementos previos que posúe o alumno. Se non sabemos cáles son estes coñecementos previos, non se pode garantir unha correcta escolarización e un bo proceso de ensino-aprendizaxe. Recalcar, polo tanto, a importancia deste paso.

2.- Avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación (coñecemento do idioma, estilo de aprendizaxe, habilidades para a aprendizaxe, , etc...): Ao mesmo tempo que se realiza a obtención do nivel de competencia curricular, o Departamento de Orientación realizará unha avaliación psicopedagóxica. O resultado desta avaliación recollerase no informe psicopedagóxico. Neste informe aparecerá reflexado os seguintes datos: datos persoais, historia escolar, desenvolvemento xeral (datos físicos e de saúde, estilo de aprendizaxe, nivel de competencia curricular aportado por cada profesor/a de área, etc.), contorno sociofamiliar, aspectos do proceso de ensino aprendizaxe, identificación de necesidades educativas especiais e orientacións.

3.- Reunión do Departamento de Orientación co equipo educativo do alumno para analizar o nivel de competencia curricular e o informe

psicopedagógico: unha vez rematado o informe psicopedagógico e obtido o nivel de competencia curricular dentro de cada área, a Xefatura de Estudos convocará unha reunión onde estarán presentes o/a profesor/a titor/a , o equipo educativo do grupo e o Departamento de Orientación. Nesta reunión analizaranse todos os datos obtidos e se decidirá sobre cales son as medidas máis axeitadas para unha integración e un proceso de ensino aprendizaxe máis óptima.

4.- Elaboración do ditame de escolarización: tendo en conta os datos recollidos na reunión anterior.

BLOQUE III: MEDIDAS DE ACTUACIÓN

Neste bloque recóllense todas as medidas curriculares e organizativas que se poden tomar para unha correcta escolarización e desenvolvemento do alumno. O proceso a seguir sería o seguinte:

1. Toma de decisións:
 - a. Reforzo educativo
 - b. Apoio por parte das profesoras especialistas de pedagogía terapéutica
 - c. Adaptación curricular individualizada
 - d. Escolarización nun curso inferior ao que lle corresponde por idade
 - e. Traballar a integración social
 - f. Outros
2. Aplicación das medidas tomadas

1.- Toma de decisións: na reunión citada no punto anterior (xefatura de estudos, equipo docente e Departamento de Orientación), decidírase cales son as medidas máis axeitadas. Estas medidas son as seguintes:

- a. **Reforzo educativo:** sempre que as súas necesidades sexan mínimas e non haxa que modificar elementos prescritivos do currículo. Será levado a cabo polo/a profesor/a de área.
- b. **Apoio por parte dos profesores de PT:** sempre que se considere necesario e o alumno mostre dificultades importantes. Para ter apoio por parte destes profesionais, e tal e como se recolle na lei, é necesario que o alumno teña informe do Departamento de Orientación e teña unha ACI ou unha proposta de elaboración de ACI.

- c. **Adaptación Curricular Individualizada (ACI):** necesario en caso de desfase curricular ou necesidade educativa especial que infira nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación prescritos no Deseño Curricular Base.
- d. **Escolarización nun curso inferior ao que lle corresponde por idade:** no caso de que exista un desfase curricular moi grande, e tendo sempre en conta o nivel de integración e o momento da súa incorporación ao centro, poderase escolarizar nun curso inferior ao que lle corresponde pola súa idade. (no caso de que se matriculase xa avanzado o curso e estivese xa integrado no seu grupo. É recomendable que siga en dito curso).
- e. **Traballar a integración social:** é unha medida que sempre hai que tomar. As actividades a desenvolver poden ser actividades de tutoría (como por exemplo as actividades citadas no bloque I, apartado 6), exposicións de traballos realizados sobre o país de orixe, colocar carteis nos espazos comúns (baños, departamentos, etc.) en castelán, galego e nos diferentes idiomas deste alumnado estranxeiro, xornadas interculturais, etc.
- f. **Outros:** calquera outra medida que poida xurdir da reunión e se considere interesante e útil.

2.- aplicación das medidas tomadas: unha vez tomadas as medidas necesarias terá que existir un compromiso real sobre as decisións tomadas e se axilizará todo o proceso de aplicación das medidas.

BLOQUE IV: SEGUIMIENTO

Unha vez aplicadas as medidas tomadas terá que facerse un seguimento destas medidas para observar se se alcanzan os obxectivos propostos, e modificar, en caso necesario, ditas medidas. O proceso de seguimento é o seguinte:

1. Reunións periódicas do equipo docente xunto co Departamento de Orientación para analizar o avance do alumno
2. Analizar se as medidas tomadas son correctas e posibles modificacións no caso de ser necesario.
3. Avaliación final

1.- Reunións periódicas do equipo docente xunto co Departamento de Orientación para analizar o avance do alumno: faranse reunións mensuais (en caso necesario quincenais) entre o equipo de profesores e o Departamento de Orientación no que se analizará o progreso do alumno, a efectividade da medidas tomadas e as posibles modificacións a introducir. Ditas reunións se

poden fixar de antemán para que exista unha certa rutina e regularidade destas xuntanzas (o primeiro martes de cada mes, por exemplo). Esta reunión será convocada e presidida polo/a profesor/a titora do grupo.

2.- Analizar se as medidas tomadas son correctas e posibles modificacións no caso de ser necesario: recalcar neste apartado a importancia da celebración destas reunións como elemento fundamental do proceso de ensino aprendizaxe e a enorme relevancia e transcendencia de que as decisións tomadas sexan consensuadas e se leven a cabo dun xeito coordinado para que as actuacións co alumnado sexan coherentes. Polo tanto nesta reunión se tomarán decisións como a modificación das medidas tomadas no caso que non se obtén resultados ou continuar con ditas medidas no caso de obter resultados, priorizando ou minimizando certos obxectivos segundo o se grao de éxito.

3.- Avaliación final: O remate do curso e na xunta de avaliación, estudarase e determinarase o grao de consecución dos obxectivos pretendidos. Tamén se tomarán decisións como as orientacións para o vindeiro curso, continuar coas medidas tomadas, modificación dalgúns obxectivos, etc.

AVALIACIÓN DO PROTOCOLO

Unha vez rematado cada curso escolar, a Comisión de Coordinación Pedagóxica avaliará este Protocolo e introducirá, en caso necesario, posibles cambios que melloren a integración e o desenvolvemento dos alumnos estranxeiros que se incorporen a este centro, fin último deste protocolo.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Dende o punto de vista de convivencia, contemplaranse como medidas que teñen entre outros obxectivos a mellora da mesma, todas aquelas enfocadas a paliar as deficiencias dos alumnos en canto a aprendizaxes básicas e requisitos para adquirir aprendizaxes que lle impidan o abordar con éxito as ensinanzas que se imparten, dando lugar a un desaxuste entre os obxectivos educativos do centro e os logros que obtén o alumno.

Este desaxuste é o responsable en moitos casos dun rexeitamento ao aprendizaxe escolar que desemboca en ocasións en comportamentos do alumno ou do grupo para que o proceso de enseñanza aprendizaxe non chegue a establecerse.

Hai que buscar ou dispoñer sempre dunha opción para cada alumno que lle de sentido e perspectiva de futuro na súa permanencia no centro educativo. Algunha das actuacións que se poden levar a cabo:

- Realización dunha avaliación inicial que permita a planificación do ensino ás necesidades de cada alumno en particular.
- Integrar toda a información dispoñible sobre cada alumno para ofrecerlle unha ensinanza axeitada ás súas posibilidades e características.
- Realizar as adaptacións curriculares ou reforzos educativos necesarios
- Agrupamentos específicos.
- **Fomentar o uso do traballo cooperativo:**
 - Transmitir na aula a necesidade do traballo cooperativo, certos contidos apréndense mellor se se traballan en cooperación con outros, unindo ideas, actividades,...
 - Evita formas de traballo competitivas que favorecen a rivalidade
 - O diálogo como medio para confrontar ideas, defender o noso punto de vista, argumentalos e xustificando racionalmente. Trátase de que o alumnado perciba que hai moitas formas de ver as cousas.
 - A valoración do alumno por sí mesmo. A autoestima e a motivación persoal son imprescindibles para percibir que as súas aportacións son importantes para o grupo, e que cada un ten algo que ofrecer para o enriquecemento de todos.

Ao principio de curso elaboraranse as programacións de ciclos e de departamentos didácticos, onde se introducirá un punto sobre as aportacións da materia ao plan de convivencia.

6.2. ACTUACIÓNS E MEDIDAS REEDUCADORAS

CONTRATOS CONDUCTA

É un procedemento básico dentro das técnicas de modificación de conduta que ten como obxectivo obter determinados cambios dunha ou varias persoas, para que melloren tanto na convivencia como nas nosas relacións. Consiste no establecemento dunha serie de regras que os participantes se comprometen a cumprir, xeralmente referidas ao desenvolvemento dunha serie de comportamentos positivos, ou a eliminación de determinadas condutas disruptivas

O contrato condutual é un documento escrito no que se especifican as condutas que unha ou varias persoas están de acordo en realizar, e as

consecuencias que obterá por realizalas ou non. Os contratos de conduta supoñen o establecemento dun sistema de continxencia regrado que permite controlar con precisión a emisión das condutas obxectivo. Non existen un control exhaustivo do medio ambiente, nin a necesidade de implantar reforzadores xeneralizados.

A forma do contrato ten que ser **negociado** (debe de chegarse a un acordo entre as partes, pois se algunha das partes non acepta as condicións polas razóns que sexan, é difícil que intente realizar as condutas esixidas. É fundamental, polo tanto, que sexa redactado conxuntamente tanto polo docente como polo alumno/s para asegurar a plena implicación dos rapaces xa que se se ve identificado con aquilo que vai a firmar habendo participado activamente de todos os acordos que se fixen), por **escrito** (é importante que exista un documento que cada un dos implicados poida consultar en todo momento, e serve de axuda para que as persoas poidan recordar as condutas e condicións que aceptaron de xeito voluntario), individual ou en grupo, e pode incluír calquera tipo de conduta (pode incluírse calquera tipo de conduta coas meras limitacións éticas de non afectar negativamente a outras persoas ou a un mesmo).

Á hora de redactar o contrato e poñelo en práctica debemos de ter en conta:

- Ten que ter un vocabulario accesible, de xeito que non queden formuladas propostas que den marxe a erro ou a diferentes interpretacións.
- É imprescindible respectar as pautas acordadas sen improvisar, así o alumno sempre coñecerá a consecuencia directa de cada conduta que vaia a realizar
- A conduta esixida debe ser sinxela, fácil e exposta de maneira comprensible.
- O contrato debe especificar condutas concretas, non categorías vagas.
- O contrato ten que ser razoable, sendo necesario que o neno acepte as condicións.
- Unha vez iniciado debe manterse ata a súa finalización ou a súa revisión. Debe ser usado de maneira sistemática e non só en ocasións ou períodos de tempo illados.

AULA DE CONVIVENCIA

De acordo co establecido no artigo 19, punto 3, da Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa, os centros educativos poderán crear as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

A creación da aula de convivencia xurde como unha necesidade de dar resposta á atención educativa que require a diversidade do alumnado deste centro. Plantéxase como unha medida para intentar mellorar as condutas e actitudes daqueles alumnos e alumnas que presenten dificultades na convivencia e, con elo, mellorar o clima de convivencia do grupo – clase e do centro no seu conxunto.

É un recurso educativo que pretende facilitar a reflexión do alumnado que impide gravemente o normal desenvolvemento do grupo clase. Neste espazo, o responsable da aula de convivencia trata de darlle axuda ao alumno para que analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ao cambio. Así tamén, o alumnado que por repetidas condutas contrarias ás normas de convivencia fora obxecto da privación temporal do dereito de asistencia a clase, poida ser atendido nesta aula, combinando traballos curriculares e de modificación de conduta.

Os obxectivos marcados para a aula de convivencia son os seguintes:

- Mellorar o clima de convivencia do centro
- Xerar confianza en medios alternativos á violencia e á expulsión
- Ensinar ao alumnado a resolver conflitos de xeito pacífico, reflexivo, dialogado, na procura de cambio de actitudes.
- Atender ao alumnado que por problemas de conduta non pode permanecer na súa aula de referencia.
- Establecer compromisos de actuación para a mellora da vida escolar
- Axudar ao profesorado a poder realizar o seu traballo nun clima de aula axeitado
- Medir a conflitividade no centro procurando datos cualitativos e cuantitativos sobre a realidade de cada alumno, de cada grupo clase ou sobre o centro en xeral

A aula de convivencia integra tres modalidades:

- a. AULA DE CONVIVENCIA COMO AULA DE REFLEXIÓN (AR):** é un espazo que trata de facilitar a reflexión do alumnado que impide o normal desenvolvemento do grupo clase (*alumnos aos que se lles pon un parte*), enchendo de contido pedagóxico as “expulsións” á xefatura de estudos ou os “tempos fóra” da aula. Neste espazo tratarase de darlle axuda ao alumno para que analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ao cambio.

Funcionamento:

O alumnado que impida o desenvolvemento normal do grupo – clase, logo de por en práctica outras medidas e estratexias sen acadar resultados, pode ser enviado á aula de convivencia seguindo un sistema de 6 pasos:

- O profesor/a cubrirá o formulario habitual de “parte de conduta”, especificando detalladamente o motivo.
- O alumno acode á sala de garda, onde o profesor de de garda o acompañará ata a aula de convivencia.
- O encargado da aula de convivencia iniciará unha entrevista co alumno co fin de acadar un compromiso concreto de mellora.
 - Cubrirá a “ficha de reflexión. Primeira vez”, se fora a primeira vez que acode á aula, ou ben
 - A “ficha de reflexión, segunda vez”, se fose a segunda vez que acode ou
 - Fichas de reflexión adaptadas á problemática do alumno, se fose habitual a súa presenza, ou ben derivación á xefatura de estudos ou dirección do centro
- O profesor que atenda a aula cubrirá o informe sobre a actitude do alumno/a e sobre as propostas que suxire para este caso (folla de reflexión “análise e acordos da entrevista”). Por outra parte archivará unha copia para o rexistro da aula de convivencia.
- O profesor da aula de convivencia fará unha copia do parte e da folla de reflexión compromiso, remitíndoa ao profesorado titor do alumno, á xefatura de estudos e ao profesor que expediu o parte de conduta.
- Sempre que sexa posible, o alumno voltará a súa aula ordinaria. O encargado da aula de convivencia acordará as condicións de regreso á aula (petición de desculpas, ...)

Poderanse establecer as condicións que supoñan a supresión ou atenuación dos partes de conduta sempre que o alumno cumpra os compromisos de mellora. Establécese un período dun mes, con carácter xeral, para a revisión dos acordos

b. AULA DE CONVIVENCIA COMO AULA DE TRABAJO (AT): trata de dar solución ao alumnado que, polas repetidas condutas contrarias ás normas, fóra obxecto de privación do seu dereito de asistencia, sendo atendido nesta aula no lugar de cumprir a sanción no seu domicilio, combinando traballos curriculares e de modificación de conduta.

Funcionamento:

O alumnado que por acumulación de partes de conduta ou pola gravidade dos mesmos, deba ser obxecto de sanción disciplinaria poderá cumprila na aula de convivencia, segundo o procedemento de sancións, de acordo co seguinte modelo de 7 pasos:

- A dirección do centro e a xefatura de estudos, unha vez escoitada á persoa titora e ao orientador, elaborará un informe indicando os motivos, obxectivos, número de días, número de horas e as actividades formativas e de reflexión que realizará o alumno mediante a “ficha de información e solicitude de material curricular”.
- A xefatura de estudos solicitará ao equipo docente as actividades formativas que o alumno expulsado deberá realizar, de entre as previstas na programación de cada departamento.
- O departamento de orientación determinará as actuacións dirixidas ao proceso de reflexión que o alumno deberá realizar.
- A xefatura de estudos ou a dirección comunicará a resolución:
 - Ao alumno e á súa familia
 - Aos responsables da aula e profesorado de garda
- Logo do período de expulsión, o alumno remitirá ao profesorado correspondente o material curricular que tivera traballado. En canto ao material de modificación de conduta quedará arquivado na aula de convivencia.
- Mensualmente, a xefatura de estudos convocará unha reunión co titor do alumno e o orientador co obxecto de realizar o seguimento da evolución do alumno.

- Trimestralmente, o director reunirá ao observatorio de convivencia para comunicarlle as derivacións á aula de convivencia.

c. AULA DE CONVIVENCIA COMO OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA (OC): procura datos cuantitativos e cualitativos sobre a realidade de cada alumno/a, de cada grupo clase ou sobre o centro escolar en xeral. Os datos obtidos serán utilizados para a súa discusión, na procura de solucións e correccións preventivas e reactivas adaptadas a cada caso particular, a cada grupo clase, ... Xa que pola aula de convivencia pasan case todos os problemas de disciplina, considérase unha ferramenta para medir á conflitividade das aulas, de xeito cuantitativo e cualitativo, co obxecto de poder utilizar estes datos para deseñar propostas de mellora.

MEDIACIÓN ESCOLAR

A mediación enténdese como un proceso de resolución de conflitos na que as dúas partes enfrontadas recorren **voluntariamente** a unha terceira imparcial, mediador ou mediadora para chegar a un acordo satisfactorio. As persoas que desempeñan o papel de mediación non son quen dan as solucións, só axudan para que a busquen as partes. Trátase dun método que promove a procura de solucións na que as dúas partes enfrontadas obteñen un beneficio evitando, deste xeito a postura antagónica de gañador – perdedor. Hai que ter en conta de que non todos os conflitos son mediables: non se pode mediar nun conflito se unha das partes está sufrindo violencia por parte da outra (física, psíquica, acoso, humillación, racismo).

Os conflitos que se poden mediar son disputas entre alumnos como insultos, ameazas, sementar rumores dañinos, malas relacións, amizades que se deterioraron, ...

Os principios nos que se basea a mediación son:

- É voluntaria
- Utilízase o proceso de resolución pacífica de conflitos
- É un acto cooperativo e non competitivo
- Está orientado ao futuro
- As dúas partes do conflito gañan
- Preocúpase polas necesidades e non polas posicións
- Non é ameazante nin punitivo
- É confidencial

Constitúe a forma máis importante de participación do alumnado no Plan de Convivencia. Os obxectivos que se perseguen coa mediación son:

- Mellorar o clima escolar

- Facilitar a comunicación e o entendemento entre as partes
- Favorecer a resolución de conflitos de maneira pacífica no ámbito escolar
- Diminuír a aplicación de medidas sancionadoras
- Mellorar as relacións interpersoais
- Participación activa do alumnado na resolución de conflitos
- Contribuír a fomentar un clima de diálogo e paz na comunidade educativa
- Desenvolver unha actitude reflexiva e crítica no alumnado
- Favorecer o desenrolo das habilidades sociais
- Conseguir un clima de respecto e aceptación das normas de convivencia
- Educar en valores fundamentais para a convivencia: tolerancia, solidariedade e respecto.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN

Unha vez solicitada a axuda do equipo de mediación, ben sexa a través da xefatura de estudos, dun profesor, do propio alumno, cumpríméntase debidamente a solicitude de mediación. A continuación procederáse do seguinte xeito:

- O responsable de mediación adxudica unha parella de mediadores, dependendo da urxencia do caso, da súa tipoloxía, do alumnado implicado, etc..., e anota nunha carpeta un resume do tema a tratar e a data de solicitude, así como a parella de mediadores adxudicados.
- O alumnado mediador analiza a información da carpeta (durante os recreos, titorías, cambios de clase, ...) e prepara todo o necesario no que teña que mediar.
- As actuacións levaranse a cabo ou durante os recreos, ou durante a hora de titoría do alumnado mediador, previa autorización do titor de mediación, así como polo profesorado responsable das clases das

que se ausenten o alumnado participante, confirmando o seu permiso para elo.

- O alumnado implicado no caso de mediación reúnense nun espazo habilitado, onde terá lugar o proceso en total confidencialidade e privacidade.
- Terminada a mediación recóllese toda a información relevante nun documento. Así mesmo o alumnado mediado firma os compromisos aos que chegaron (daráselles unha copia a cada alumno mediado), que será revisado, co mesmo procedemento, polo alumnado mediador uns 15 días despois.
- Todos os documentos son arquivados e revisados polo titor de mediación. Os mediadores comentarán as dificultades atopadas.
- As familias serán informadas do proceso de mediación.

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

Segundo autores como Monjas, as habilidades sociais son “as condutas necesarias para interactuar e relacionarse cos iguais e cos adultos de forma efectiva e mutuamente satisfactoria”

Segundo Caballo “a conduta socialmente habilidosa é ese conxunto de condutas emitidas por un individuo nun contexto interpersonal que expresa os sentimentos, actitudes, desexos, opinións ou dereitos dese individuo dun modo adecuado á situación, respectando esas condutas nos demais, e que xeralmente resolve os problemas inmediatos da situación mentres minimiza a probabilidades de futuros problemas.

O programa de habilidades sociais vai dirixido ao alumnado que asistiu á aula de convivencia un número determinado de veces polos seguintes motivos:

- Falta de respecto ao profesorado (insultos, enganos, non facer caso, ...)
- Falta de respecto aos compañeiros (insultos, ameazas, ...)
- Falta de comportamento axeitado na aula (levantarse sen permiso, saír da aula, berrarr, interrompir, ...)
- Danos materiais (romper, golpear, pintar,)

Este programa ten os seguintes obxectivos:

- Mostrar condutas verbais e non verbais de “escoita activa”
- Identificar emocións e sentimentos das outras persoas.
- Comunicar os propios desexos, opinións, intencións, emocións e sentimentos.
- Saudar de forma adecuada a distintas persoas do seu contorno social.
- Aceptar a propia responsabilidade ante un erro cometido, e pedir desculpas adecuadamente nos casos en que sexa preciso facelo.
- Expresar críticas de xeito adecuado.
- Responder correctamente ás críticas que proveñan doutras persoas.

Será elaborado e desenvolto polo departamento de orientación, despois de informar a familia do alumno.

Algún dos posibles contidos que se van a traballar son: escoita, formular preguntas, pedir desculpas, dar as grazas, manter unha conversación, pedir axuda, seguir instrucións, asertividade, empatía e resolución de conflitos.

Utilizarase unha metodoloxía práctica, activa e participativa.

6.3. ACTUACIÓNS E MEDIDAS CORRECTORAS

APLICACIÓN DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF)

O NOF é un documento onde se recolle o conxunto de normas que regulan o noso centro educativo e establece a súa estrutura organizativa dentro da lexislación vixente.

No punto 5 do NOF descríbese cal é o réxime disciplinario do CPI Dr. López Suárez, cales son as condutas contrarias e prexudiciais á convivencia escolar e cales son as sancións que se establecen para cada unha delas.

PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR

En espera de que o Goberno galego, a través dos departamentos competentes en materia educativa e benestar elabore un protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar, este centro aplicará o seguinte protocolo.

DEFINICIÓN

É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas dos casos de verdadeiro acoso escolar. Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por outro/a ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar (**artigo 28 da Lei 4/2011**).

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar deben de cumprirse os tres criterios diagnósticos, que deben de darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima. Os criterios son:

- Evidente intención de facer dano
- Condutas agresivas reiteradas
- A duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

O acoso escolar pode levarse a cabo mediante as seguintes condutas e adoptando máis dunha modalidade:

- Comportamentos de desprezo e ridiculización
- Coaccións
- Agresións físicas e/ou verbais
- Comportamentos de intimidación e ameaza
- Comportamentos de exclusión, marxinación social e ninguneo
- Roubos, extorsións, chantaxes e deterioro de pertenzas
- Utilización de internet, mensaxes a móbiles, etc, coa intención de facer dano mediante o envío masivo de correos electrónicos, difusión de imaxes sen consentimento do interesado, ...

1º PASO: identificación, comunicación e denuncia da situación

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento, sospeitas ou indicios razoables dunha situación de acoso escolar sobre algún alumno/a ten a obriga de poñelo en coñecemento do equipo directivo deste centro. Utilizarase como instrumento de recollida da comunicación de acoso o **modelo I “recollida inicial de información ante un suposto caso de acoso escolar”**

2º PASO: actuacións inmediatas

Tras a comunicación indicando que algún alumno/a se atopa nunha posible situación que poida reflexar algunha sospeita ou evidencia de acoso escolar, reunirse o equipo directivo, titor/a e o orientador do centro para analizar e valorar a intervención necesaria.

3º PASO: medidas de urxencia

No caso de estimarse necesario, A dirección do centro así como a Administración Educativa adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situación de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións:

- Medidas que garantisen a inmediata seguridade do alumno/a acosado/a, así como medidas de apoio e axuda
- Medidas cautelares dirixidas ao alumno/a acosador

4º PASO: traslado á familia

A Dirección, xunto co titor/a e o orientador, coa debida cautela e mediante entrevista porá o caso en coñecemento das familias do alumnado implicado, aportando información sobre a situación e sobre as medidas de urxencia que se están adoptando.

Coa familia da presunta vítima informarase dos feitos que se investigan, das medidas adoptadas, dos pasos a seguir na xestión do conflito en función da gravidade do feito e se lles solicitará a súa colaboración para a solución do conflito.

Coa familia do presunto agresor informarase das acusacións existentes, das evidencias que existen en relación ás mesmas, das actuacións legais que competen ao centro educativo se se confirma a existencia de acoso, dos pasos

a seguir na xestión do conflito e se lles solicitará a súa colaboración para a solución do mesmo.

5º PASO: traslado ao resto dos profesionais que atenden ao alumno acosado

A Dirección informará da situación ao equipo de profesores do alumno acosado e agresor, e ao profesorado relacionado. No caso de estimarse oportuno comunicárase tamén ao resto do persoal centro, tendo sempre en conta o **carácter confidencial** desta situación.

6º PASO: recollida de información de distintas fontes

O obxectivo desta fase é verificar ou desmentir a situación de acoso escolar. Unha vez adoptadas as oportunas medidas de urxencia e nun prazo o máis breve posible, recabárase toda a información necesaria relativa ao feito de diversas fontes:

- Recompilación da documentación existente sobre o alumnado afectado
- Observación sistemática nos espazos comúns do centro, na clase, en actividades complementarias e extraescolares, etc.
- Entrevista co alumno presuntamente acosado, garantindo ao alumno a confidencialidade das súas informacións.
- Entrevista con observadores non participantes: estes son os membros da comunidade educativa que poden coñecer os feitos pero non participan activamente nos mesmos.
- Entrevista co presunto agresor

Concluídas as entrevistas e a recollida de información, o equipo directivo, xunto co departamento de orientación, analizará a información recollida e fará unha valoración da situación, determinando se hai indicios suficientes para confirmar ou non a existencia de acoso entre alumnos, así como da gravidade da situación. Emitirase un informe da situación denunciada.

7º PASO: aplicación das medidas disciplinarias e das actuacións a levar a cabo

No caso de non confirmarse a situación de acoso escolar deberase informar ás familias implicadas.

A confirmación de acoso conleva a adopción de medidas disciplinarias ao alumno/a agresor. Ditas actuacións son as seguintes:

- Aplicación do establecido no NOF

- Adopción de medidas recollidas neste plan de convivencia
- vixilancia específica por parte do equipo docente do posible acosador
- participación, se procede, nun proceso de mediación
- programa de modificación de conduta, desenvolvemento persoal, exercicios de comportamentos prosociais, etc...
- intervención mediante un compromiso de cambio a través dun contrato no que o agresor se comprometa a participar en actividades e estratexias para mellorar a súas habilidades.

Medidas a tomar coa vítima:

- todas as actuacións realizaranse coa maior discreción
- observación específica do posible acosado
- marco de protección e seguridade para o alumno vítima consistente en medidas de apoio expreso e indirecto polos profesores, fortalecemento do círculo de relacións na aula e no centro. Coidaranse a discreción nas medidas e nos comentarios.
- Solicitar a colaboración familiar para a vixilancia e control do seu fillo
- Asesoramento por parte do departamento de orientación para a recuperación da autoestima e outras accións tendentes a afrontar a ansiedade, angustia, etc.

Medidas a tomar cos compañeiros observadores, no caso de existir:

- Diferenciar a conduta de “chivar” da conduta “denunciar” o sufrimento dun compañeiro.
- Realizar seguimentos do clima relacional da aula.
- Utilización do Método Pikas para a sensibilización

Medidas a tomar co grupo:

- Facer saber ao alumnado que o centro manterá unha postura de tolerancia cero ante calquera tipo de agresións.
- Vixiar as situacións relacionais do grupo
- Traballar para crear un clima escolar de rexeitamento dos malos tratos, mediante sesións de titoría nas que se aborde o problema de modo indirecto con técnicas como o role playing, casos, ...
- Propoñer estratexias didácticas que axuden a cohesionar o grupo: métodos cooperativos.

Medidas a tomar coas familias:

- Hai que contar con todas as familias afectadas e solicitar a súa colaboración para un axeitado progreso socioeducativo dos seus fillos. Os pais deben sentirse avalados para evitar que tomen iniciativas que agraven a situación.

- Manter reunións individuais con cada unha das familias dos afectados para informarles da conduta do seu fillo/a e das medidas que se puxeron en marcha no centro. Non se trata de culpabilizar, senón de pedir colaboración ás familias a través de compromisos.
- Dar ás familias a posibilidade de expresar os seus sentimentos, axudándolles a analizar a situación de forma proporcionada, sen minimizar os feitos nin sobredimensionar as consecuencias.

8º PASO: comunicación á Comisión de Convivencia

A dirección do centro trasladará o informe realizado tras a recollida de información, xunto coas medidas disciplinarias e as actuacións que se van a levar a cabo, á Comisión de Convivencia para o seu coñecemento.

9º PASO: comunicación á Inspección Educativa

A dirección do centro redactará un informe no que se reflictan os datos significativos recollidos na investigación, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas e que se remitirá á Inspección Educativa.

No caso de condutas de especial gravidade, que trascenden os recursos e competencias do sistema educativo ou cando non se pode abordar o problema, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

10º PASO: comunicación ás familias

Informarase ás familias do alumnado implicado da medidas de carácter individual adoptadas cos alumnos/as afectado, así como as medidas de carácter organizativo e preventivo propostas para o grupo.

7. ACTITUDES QUE PRETENDE FAVORECER ESTE PLAN DE CONVIVENCIA

A posta en marcha e o desenvolvemento das medidas expostas no punto anterior ten como obxectivo reforzar a implicación da comunidade educativa para acadar as seguintes actitudes:

- Asunción do feito de que a convivencia é tarefa de todos.
- Tolerancia e respecto fronte á diferenza e rexeitamento de calquera tipo de discriminación
- Aceptación do conflito como algo natural e inherente ás relacións grupais e aprendizaxe de actitudes de diálogo para intentar resolvelos positivamente.
- Respetto e cumprimento das normas de convivencia do centro e coidado no uso das dependencias e materiais.
- Tomar conciencia de que somos suxeitos de dereitos e deberes e que existen límites que hai que respectar. Fomento da capacidade crítica para valorar a realidade do centro e do entorno, e mellora das situacións nas que a convivencia se vexa afectada.
- Recoñecemento e aceptación da existencia de conflitos interpersoais e grupais e valoración do diálogo e da mediación como instrumentos de resolución dos mesmos.
- Romper coa actitude do silencio que se adoita establecer arredor das agresións e condutas disruptivas aprendendo, coma un deber moral e solidario con quen padece estas situacións.

8. MECANISMOS PARA DIFUNDIR O PLAN DE CONVIVENCIA E LOGRAR IMPLICAR AOS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVO

Para que este plan sexa coñecido por todos os membros da Comunidade Educativa utilizaremos diferentes mecanismos e estratexias para a súa difusión:

- Publicación do Plan de Convivencia na páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.es/centros/cpilopezsuarez/>
- Ao principio de curso organízanse unhas charlas entre as familias de todo o alumnado do centro e o equipo directivo, tutores, profesores e orientador do centro. Ditas charlas se dividen en dúas: unha para a educación primaria e outra para a educación secundaria obrigatoria. Aproveitaranse ditos encontros para poñer en coñecemento as familias sobre o Plan de Convivencia.
- Ao final do curso, e dentro do Plan de Orientación Académico e Profesional, o orientador imparte unha conferencia ao alumnado e ás familias de 6º de educación primaria sobre a educación secundaria obrigatoria. Dentro do apartado de funcionamento e organización da ESO inclúírase información sobre o Plan de Convivencia.
- Distribución dunha copia do Plan de Convivencia da sala de profesores e na conserxería para que estea a disposición de toda a comunidade educativa.
- Ao principio do curso, e dentro do Plan de Acción Titorial, incluírase unha actividade relacionada co Plan de Convivencia.

9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

9.1. SEGUIMIENTO

Ao longo do curso farase un seguimento e se elaborará trimestralmente un informe no que se recolla as incidencias producidas ao longo de dito período, as actuacións levadas a cabo, os resultados acadados e as propostas de mellora que se estimase pertinentes.

9.2. AVALIACIÓN

Ao final de cada curso, o Observatorio de Convivencia / equipo directivo / departamento de orientación do centro elaborará unha memoria do plan de convivencia que se incorporará á memoria final de curso, recollendo:

- Grao de desenvolvemento do Plan de Convivencia (*cadro axdunto*)
- Consecución dos obxectivos propostos
- Accións que se desenvolveron
- Conflitos máis frecuentes e intervencións que se levaron a cabo.
- Propostas de mellora para o vindeiro curso

Esta memoria será presentada ao observatorio da convivencia para a súa aprobación.

ACTUACIÓN	RESPONSABLES	PRAZO	GRAO DE DESENVOLVEMENTO

9.3. REVISIÓN

Ao comezo de cada curso académico este centro educativo revisará o Plan de Convivencia co obxecto de analizar a evolución do estado da convivencia no CPI e incorporar ao mesmo as propostas de mellora recollidas na memoria final do curso anterior.